

**Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia de D. Ismael Rego González, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os obxectivos fixados polo Goberno galego no Plan de reequilibrio territorial**

A señora PRESIDENTA: Pregunta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre os obxectivos fixados polo Goberno galego no plan de reequilibrio territorial.

Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, señor presidente da Xunta de Galicia, Galicia viviu ao longo destes anos as consecuencias da falla dun modelo de ordenación territorial do noso país, que foi unha situación certamente buscada polo que tiña que ver, ou debía de ter, coa priorización, cunha guía de priorización, dos investimentos na nosa terra.

Foi unha situación buscada, señor presidente, porque isto permitía –desde logo avalaba con moita claridade– as políticas da discrecionalidade, as políticas do clientelismo, as políticas da choiva fina nos investimentos ao longo do territorio. Permitían estratexias persoais dentro do mesmo goberno con políticas, ademais, que tiñan que ver cunha discrecionalidade absoluta no

---

 Grupo Parlamentario

investimento dos recursos públicos que proceden dos impostos de todos os cidadáns do noso país.

Sen dúbida isto tivo consecuencias, consecuencias moi serias. Supuxo avances, sen dúbida, e posibilidades porque serviu para ganar eleccións a un determinado partido político. A política da dispersión dos investimentos, a política da ocorrencia, a política do clientelismo triunfou; e triunfou principalmente naquelas provincias que tiñan maior necesidade de corrección de desequilibrios territoriais, maior necesidade da cohesión social e territorial do noso país. Pero triunfou desafortunadamente aquel dito que din que a pobreza é o que máis fácil se somete á discrecionalidade e se somete tamén a operacións partidarias. Triunfou, polo tanto, sen dúbida unha estratexia electoral pero conformou un grande fracaso de país, que levou á desertización de amplas zonas do noso territorio e que levou certamente á rotura dun espazo de oportunidades que Galicia debe de aportar no seu conxunto. Rachou coa Galicia de todos os galegos e de todas as galegas e iniciouse a Galicia das dúas velocidades.

Señor presidente da Xunta de Galicia, os galegos, sen dúbida, comprometéronse e impulsaron un goberno que se comprometera coa corrección dos desequilibrios territoriais, que se comprometera con Galicia como un proxecto, como un grande proxecto de todos e de todas e que aproveitara todas as súas potencialidades, tanto humanas como territoriais, dentro do noso país.

O Goberno de Galicia, o Goberno que vostede preside asumiu neste eido un grande compromiso cos cidadáns nas pasadas eleccións autonómicas, e vostede mesmo no debate de investidura neste mesmo Parlamento. Un compromiso coa Galicia do interior, un compromiso con construír un grande proxecto de país que puidera desenvolverse a través del toda a capacidade emprendedora dos galegos e das galegas. O Goberno que vostede preside vén de presentar o Plan de reequilibrio territorial de Galicia como resposta a ese compromiso.

Entendemos que o plan presentado polo Goberno é unha aposta clara e decidida pola Galicia de todos, pola Galicia que nos interesa a todos os galegos e a todas as galegas. Pero é moi importante que non soamente o Goberno, senón tamén o conxunto dos cidadáns do país, se vexan claramente reflectidos en ese grande proxecto de país que vostedes presentaron e, polo tanto, que se comprometan seriamente con el. Para elo nada hai mellor que conten con toda a información, que é o que pretendemos a través desta pregunta, darlle a oportunidade a vostede de que explique os obxectivos do Plan de reequilibrio territorial de Galicia que o Goberno que preside vén de presentar.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rego González.

Señor presidente da Xunta, ten vostede a palabra.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Presidenta.

Señoría, como ben dicía na súa pregunta, no último cuarto de século Galicia vén sufrindo as consecuencias dun profundo proceso de desvertebración e de desestruturación territorial; e nese proceso vimos perdendo de forma continua poboación, potencial económico e benestar en amplas zonas do país. Ese proceso non se sustentou só nunha dinámica continuada dende o punto de vista económico, territorialmente desequilibrada, senón que se viu trabucado e prexudicado notoriamente por unha política territorial trabucada que incidiu máis e a maiores no mesmo sentido.

Os efectos dun desenvolvemento desigual interno foron fortalecidos e incrementados por unha política que desaproveitou o potencial propio dunha gran parte do país. E sentenciou á metade do país ao illamento e a desertización económica e social.

Galicia non pode permitirse, señorías, de ningunha maneira, que esta situación persista. Unha situación na que o 88% do territorio concentra apenas o 37% da poboación, e onde a renda per cápita no interior de Galicia, dese territorio, deses cidadáns, non chega ao 85% do resto do país. Unha situación, pois, que non pode ser tolerada por máis tempo. Por iso saben que o Goberno planteouse dende o primeiro momento o obxectivo da converxencia interior, no obxectivo de acadar a cohesión económica e social de todos os territorios do país, de toda igualdade de oportunidades para todos os cidadáns de Galicia.

Debemos de aproveitar a boa marcha da economía, unha economía que está medrando a un ritmo do 4,2%; sempre, dende

fai xa ano e medio, por enriba da media española. Dispoñendo, así mesmo, do máis activo mercado laboral de toda a historia da comunidade.

A afiliación á Seguridade Social supera en 0,7 puntos a do Estado e o paro rexistrado dá indicadores do máis baixo dos últimos decenios.

Por primeira vez estamos en situación de avanzar realmente no terreo da converxencia, e o Goberno non quere desaproveitar, señorías, esta oportunidade e esta situación para alcanzar un obxectivo de país, que é a converxencia interior de Galicia. Non só a converxencia en media co Estado e con Europa, senón a converxencia interna nunha Galicia que abandone e deixe na historia o ser un país con dúas velocidades.

Por iso puxemos en marcha este plan de reequilibrio territorial. Un plan que delimita catro grandes áreas denominadas “zonas de reequilibrio” e que actúa con criterios transversais, con criterios horizontais, implicando practicamente toda a acción do Goberno; que prioriza o que son proxectos estratéxicos desencadeantes das capacidades endóxeas e do potencial endóxico de cada territorio, e que actúa, como digo, con un criterio integrador e global, cun criterio transversal.

É un plan cunha dotación financeira como nunca se ten producido e que pon o acento nas infraestruturas produtivas, no medio ambiente, no equipamento social, no medio rural e pesca e na promoción económica e dinamización. Tirando en torno a 25 municipios que deben efectuar o papel de dinamizadores, de

---

 Grupo Parlamentario

dínamos, d cabezas tractoras, en definitiva, dese obxectivo ambicioso de país no que pido unha vez máis e reitero a necesidade dunha converxencia política e social en torno a este obxectivo.

Creo sinceramente, cree o Goberno, que é posible acadar ese obxectivo, ambicioso sen dúbida, pero que paga a pena: unha Galicia equilibrada e igualitaria no terreo social e no terreo territorial.

Nada máis, moitas graza

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rego, ten vostede a palabra para o seu turno de réplica.

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señora presidenta.

Señor presidente, moitas grazas pola súa información. Estamos seguros que o plan que vostede acaba de informar sobre del agora aquí suporá sen dúbida, e os galegos o entenderán así, unha grande oportunidade de país, unha grande oportunidade para todos os galegos e todas as galegas. E fará sen dúbida tamén, estamos convencidos, que as provincias de Lugo e Ourense vexan por fin o final do túnel cun plan que rache coas políticas clientelares, caprichosas e discrecionais, da venta de favores a costa dos impostos dos seus cidadáns. Polo tanto, estamos diante dunha grande oportunidade de país, os socialistas aspiramos a que todos os galegos e todas as galegas tiren, xunto co seu Goberno, deste plan para que poidan compatibilizalo con

---

**Grupo Parlamentario**

todas as sinerxias que hai, que son moitas na capacidade emprendedora dos nosos cidadáns.

É moi importante que este plan sexa coñecido e que o Goberno o traslade ao conxunto da cidadanía, porque supón unha grande oportunidade de país sen dúbida o deseño feito polo propio goberno. Pero supoñerá máis se todos os cidadáns se fan cómplices del. E non temos ningunha dúbida de que o Goberno ten con claridade, como vostede acaba de dicir, esa aspiración. Os axentes económicos e sociais do noso país, tódolos cidadáns e cidadás da nosa terra, deberán de sentirse comprometidas con este gran compromiso de ter por fin un presidente que quere rachar coa Galicia das dúas velocidades. Había en Galicia demasiada xente, ou, aínda que non fora tanta, con moito poder, que tiña completamente un discurso asumido de que a Galicia do interior, a Galicia rural, era un estorbo para a Galicia que medraba, para a Galicia urbana.

Afortunadamente, hoxe Galicia ten un presidente e un Goberno que non lle estorba ningunha parte do territorio

Hoxe Galicia ten un presidente e un Goberno que non le estorba ningunha parte do territorio de Galicia e que non lle estorba polo tanto ningún galego nin ningunha galega, senón que todos conformamos o gran proxecto de país que vostede ten aquí e defendeu tantas veces.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rego.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Grazas, señoría.

En relación co plan de reequilibrio territorial, quixera sintetizar ou aportar tres ou catro ideas mais para rematar, en primeiro lugar que o plan de reequilibrio territorial ten un soporte orzamentario sen precedentes e significa un esforzo financeiro e de investimento e de coordinación do investimento sen precedentes neste país. Vai a contar con máis de 2.772 millóns de euros, por parte da Xunta de Galicia e máis de 985 millóns de euros, por parte do Estado, iso quere dicir un investimento total en catro anos 2007-2010 de 3.657 millóns de euros en catro anos un esforzo fundamental, para acadar ese obxectivo de reequilibrio de país, xunto con ese esforzo se define un impacto moi potente porque significa en síntese que estamos actuando sobre pouco, máis menos de 1 millón de galegos e galegas en 254 municipios e a inversión será de case que 2.600 euros por habitante, unha distribución equilibrada dos esforzos financeiros en torno aos grandes proxectos estratéxicos que deben servir de dinamizadores e catalizadores dese cambio de situación. De feito

---

## Grupo Parlamentario

o esforzo focalícese señorías, nos ámbitos das infraestruturas produtivas, e da promoción económica, xunto co equilibrio social, de maneira principal e prioritaria, o 55% da inversión, case que 1.500 millóns de euros van destinados a esa actuacións significativas en cada área e en cada zona.

Dicía á súa señoría e quero cumprir unha reflexión que creo que é extraordinariamente acertada non hai ningunha razón para crer que necesariamente, inexorablemente o desenvolvemento ten que xerar unha Galicia extinguida en dúas velocidades e en dous países. Galicia debe aspirar e o Goberno que presido aspira en calquera caso a ser capaz de conseguir nun horizonte razoable diminuír e achegar profundamente esa brecha, esa fenda interna e no campo da mobilidade, do transporte e das telecomunicacións das infraestruturas produtivas de medio ambiente do equilibrio social, incorporar factores de reequilibrio belixerantes activos na mesma dirección que dicía anteriormente para conseguir esa Galicia da igualdade, é un obxectivo dos que creo que son máis importantes da acción do Goberno que presido no que estamos absolutamente comprometidos, ese obxectivo plenamente comprometido con ter unha visión integral de país, e conclúo saben as súas señorías que temos comprometido que a finais deste ano presentaremos diante do país as directrices de ordenación territorial do país, e que vamos a poñer en marcha plans de desenvolvemento e actuacións dirixidas as áreas metropolitanas, as áreas máis potentes e dinámicas e actuais do

---

**Grupo Parlamentario**

país, en forma de transporte colectivo, en forma de actuación potente para que esas zonas sirvan a súa vez de elemento dinámico e de liderazgo do conxunto do país, polo tanto estamos actuando e falando dunha actuación integrada e horizontal na concepción realmente de país, onde as zonas máis dinámicas e os cidadáns das cidades non queren deixar atrás nin abandonar a súa sorte a Galicia que ata agora se sentiu máis discriminada con menos posibilidades de desenvolvemento. En definitiva e ofrezco á Cámara o apoio para unha visión solidaria e integral do país.

Moitas grazas.